



## RESPOSTA Á PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE A PROXECCIÓN DA IMAXE DE MILAGROS OTERO NO ESPECTACULO DOS FOGOS DO APOSTOLO

Con Data 30 de xullo de 2019, o portavoz municipal de Compostela Aberta, Martiño Noriega Sánchez, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Santiago, solicita resposta por escrito as seguintes preguntas:

- **Revisou o Goberno local, responsable da licitación dos Fogos do Apóstolo, o guión do espectáculo ou cando menos a lista de mulleres homenaxeadas, da que unha parte se fixo pública en rolda de prensa?**

O Goberno local non considera oportuno censurar un espectáculo no que se homenaxeaba a Rosalía de Castro e a outras mulleres relevantes na historia de Compostela.

Estráñanos esta pregunta de Compostela Aberta. Dende o Grupo Municipal favorecemos, sempre, a defensa da creación, produción e distribución dos bens culturais, sen ningún tipo de censura, salvo que esta inclúa elementos contrarios a lei e á convivencia, que non é o caso que fai referencia a pregunta.

- **No caso de ser descoñecedor da lista de mulleres homenaxeadas con antelación, solicitou o Goberno local que a imaxe dunha persoa que cometeu desvío de poder segundo proba o TSXG fora retirada do espectáculo dos Fogos do Apóstolo despois do ensaio da noite do 23 de xullo?**

Xa está contestada no apartado anterior.

Santiago de Compostela, 4 de setembro do 2019



**Gonzalo Muños Sánchez**

Concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade Cidadá e Festas

A O GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA